

Manual de uso

“Mesma música, distinto son”



- **Autor:** Iván Suárez Prada
- **Materia:** Educación Musical
- **Nivel:** 5º curso de Educación Primaria

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
Definición do proxecto	3
A plataforma dixital	3
CUESTIÓN DE INTERESE.....	4
Que necesitamos para realizar as actividades?	4
Podo saber de que vai cada unidade didáctica sen abrir o material?.....	4
Como podo moverme pola plataforma educativa?	4
Que partes ten cada unidade didáctica?.....	6
Podo descargar os recursos didácticos?.....	6
Que tipo de contidos podo atopar nas unidades didácticas?	7

INTRODUCCIÓN

O presente documento é un manual de emprego para os usuarios do recurso “**Mesma música, distinto son**” dispoñíbel en formato dixital no repositorio ABALAR. A súa finalidade é dar a coñecer o funcionamento dos distintos materiais educativos que o compoñen, así como realizar un achegamento teórico e práctico que permita ó alumnado unha interacción efectiva coa plataforma para poder aproveitar esta proposta didáctica.

Definición do proxecto

O recurso “**Mesma música, distinto son**” é un proxecto educativo formado por un total de nove unidades didácticas. Aínda que poden ser executadas de maneira independente, o certo é que existe unha relación entre elas tanto na secuenciación de contidos como no deseño das propias actividades que as integran, polo que é recomendábel seguir unha orde lóxica na realización das mesma (UD1-UD9). Desta maneira poderemos afrontar os desafíos educativos que se suceden facendo un uso adecuado dos coñecementos previos xa adquiridos en unidades anteriores.

A plataforma dixital

Como xa comentamos, trátase dun recurso educativo en formato dixital, polo que estará aloxado nun repositorio web ao que accederemos contando con conexión á rede. Para localizalo sen dificultade, basta con empregar o buscador que se atopa na marxe superior esquerda, onde podemos diferenciar varias opcións:

- Procura por título: escribiremos “Mesma música, distinto son” no espazo dispoñíbel.
 - Filtros: podemos empregar o filtro de **nivel educativo** (5º curso de primaria) ou o de **materia** (música)
- Poderedes atopar cada unha das nove unidades didácticas que conforman o proxecto por separado, cada unha co seu título correspondente xunto cunha descrición detallada da mesma.

CUESTIÓNS DE INTERESE

A continuación atoparedes resposta a algunhas das cuestións máis frecuentes para poder empregar o recurso educativo dunha forma sinxela e axeitada.

Que necesitamos para realizar as actividades?

- **En conxunto** (para tódalas unidades didácticas)

En liñas xerais, o primeiro que necesitamos para visualizar correctamente as tarefas é un dispositivo con conexión á rede, no que poidamos escribir sen dificultade para completar as actividades que o precisen. É importante que conte cunha pantalla ampla para reproducir os contidos multimedia e tamén navegar pola plataforma de forma sinxela. Polo tanto, un **equipo informático** (de sobremesa ou portátil) sería o dispositivo idóneo polas súas características para realizar este tipo de propostas. Recoméndase contar cun **equipo de son** para reproducir os arquivos de audio e poder apreciar as peculiaridades sonoras en cada caso.

- **En cada unidade didáctica**

Na introdución de cada unha das unidades que conforman o proxecto especificáanse os recursos materiais necesarios para levar a cabo as actividades, que se poden consultar na epígrafe “**Recursos materiais**”. Polo xeral especificáanse instrumentos musicais, ferramentas de traballo e debuxo ou mesmo materias variados para a realización de manualidades.

Podo saber de que vai cada unidade didáctica sen abrir o material?

Si, soamente deberemos facer clic na opción “**Ver detalle**” que aparece debaixo do título da unidade para coñecer en liñas xerais o contido que imos a traballar en cada unha.



Como podo moverme pola plataforma educativa?

O primeiro que deberemos facer unha vez atopada a unidade didáctica do recurso no repositorio ABALAR é picar en **Visualizar** (no caso de que queiramos executar o contido online).



Automáticamente o contido abrirase nunha nova xanela, e o primeiro que aparecerá será a parte inicial da unidade didáctica, onde poderedes atopar información detallada sobre as actividades que estades a piques de comezar.

Para **avanzar e visualizar correctamente os contidos** da unidade deberemos coñecer:

- **MENÚ**

Existe un menú con formato despregable, situado na marxe superior esquerda. Contén todas as seccións da unidade didáctica ordenadas de arriba a abaixo, e picando en cada unha delas podemos ter un acceso rápido de ser preciso.



- **FRECHA**

Empregando a frecha situada na esquina superior dereita podemos avanzar de forma ordenada polas diferentes lapelas que presenta a plataforma, de maneira que avanzaremos seguindo a orde lóxica das actividades. Recoméndase usar esta ferramenta na visualización do recurso.



Que partes ten cada unidade didáctica?


Tódalas unidades do proxecto comparten unha estrutura común, que detallamos deseguido:

- **DESCRIPCIÓN DA UNIDADE**

É a parte inicial de cada unidade didáctica, e baixo o título **“Descrición da unidade”** podemos atopar (facendo clic en cada unha das epígrafes de cor negra) aspectos como unha introdución explicativa, os obxectivos didácticos do recurso, a metodoloxía empregada, as competencias clave que serán traballadas, o sistema de avaliación, os recursos materias necesarios para lavalá a práctica e un documento que contén as licenzas dos materias empregados para elaborala.

- **SABÍAS QUE?**

En ocasións, ao rematar algunhas actividades atoparedes un pequeno botón onde se pode ler **“SABÍAS QUE?”**. Pois ben, facendo clic poderedes visualizar información de interese ou complementaria relacionada coa tarefa que acabades de realizar.



Podo descargar os recursos didácticos?

Todas as unidades están dispoñíbeis para a súa descarga, picando na icona de **“Descargar”** que atoparedes debaixo do título.



Desta maneira podeses gardar os contidos da unidade didáctica nunha carpeta do voso propio equipo, e executalos sen necesidade de conexión á rede.

Que tipo de contidos podo atopar nas unidades didácticas?


O proxecto combina moitos tipos de recursos na plataforma, que podemos dividir en dous grandes grupos:

- **RECURSOS MULTIMEDIA**

Nesta epígrafe atopamos os elementos máis atractivos visualmente como son as imaxes, o vídeo e os arquivos de audio.

- **IMAXES**

Poderemos descargar a imaxes empregando o botón dereito do noso rato “Abrir imaxe nunha nova lapela” ou ben empregando os enderezos que aparecen na parte inferior da mesma (contido orixinal).



- **ARQUIVOS DE AUDIO**


Precísanse para reproducir sons ou cancións dentro de cada unidade. Empregaremos a icona “PLAY/PAUSE” da esquina esquerda para iniciar ou deter a reprodución, e a barra do altofalante situada na esquina dereita para axustar o volume do recurso.



- **VÍDEO**


Os vídeos tamén permiten algunhas opcións para a súa reprodución na plataforma:

- A icona “PLAY/PAUSE” atópase na esquina esquerda (cor vermella) e serve para iniciar ou deter o vídeo.
- repositorio orixinal do vídeo amósase nun enlace debaixo do mesmo (cor laranxa).
- volume de reprodución axústase na icona do altofalante (cor verde).
- Para visualizar o vídeo en pantalla completa debemos premer na icona de cor azul.



- **DOCUMENTOS**

Algúns contidos como partituras musicais ou outra serie de arquivos (formato .pdf) tamén son empregados como recursos. Pódense descargar da plataforma premendo na icona de descarga especificada na seguinte imaxe.



[Iván Suárez](#) (adaptación). Letra da canción "Oh Susana" (CC BY)